


Núm. 96

Tomo 8.^o

rōs



CASTELLÁS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

| | |
|----------------------------|---------------|
| Doce números, na Península | 6'00 pesetas. |
| Fora da Península | 8'00 ▶ |
| Número solto | 0'70 ▶ |

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pola Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non irén rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

SANTA CECILIA DA SOUDADE, (Poesía por R. CARBALLO CALERO).
DO FOLK-LORE DE ARMESES - LISTANCO, por Antón FRAGUAS FRAGUAS.
SONO E INDIFERENCIA DAS VILAS, por X. MAGARIÑOS NEGREIRA,
DA ALEMAÑA, por Vicente RISCO.

ARQUIVO FIOLÓXICO I-ETNOGRÁFICO DE GALICIA.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII ★ Ourense 15 de Nadal do 1931 ★ Núm. 96

DO FOLK-LORE DE ARMESES-LISTANCO

TENDO recollido unhas cantas notas de folklore na freguesía de Armezes, dámolas á publicidade coa espranza de ampliarlas en novas xeiras que fagamos á istas terras. Hoxe abrangemos somentes a parte de Listanco. (1).

O MUIÑO

Coas augas do regueiro que baixan pol-o outeiro do Neo, moen os muíños de Listanco, que dan farinha d'abondo. Eiquí o muíño non



FIG. 1

ten a importancia de outras partes de Galicia, porque as xentes non comen pan de broa, máis que nos comenzos da anada; a laboura da terra encamiñase á percura do viño e van debecendo os eidos de millo, quedando reducidos á cativas leiras de lentura nos agros do Areal e outras, esparxidas antre as vías, que zugan os mellores terroños. A xente prefire mercar o pan a cotío o coller viño d'abondo. Non embargantes, os muíños moen todo o ano, ben que no vrán

somentes con unha roda pol-a cativeza de augas.

Cada muíñeiro dispón do seu muíño, cobrando maquia (en corenta libras, duas) á canticos van moer. O que precisa moer leva o gran ó muíño e vai logo buscar a farinxa.

No inverno hai máis abundamento de gran, pero como teñen máis auga poden moel-as duas rodas.

Todas as labouras que require o muíño fican á càrrega do muíñeiro, coidando de non ter que arranxar as duas rodas ó mesmo tempo, pra así dar afeito a canticos leven gran ó muíño, inda que os arranxos sexan de pouco tempo. Pra erguer as rodas empregan o burro (Fig. 8); por medio do cal afastan a moa do pé, podendo repicar as pedras e encaixar o segurellal (Fig. 3 e 4).

O chan do muíño fica dividido en duas partes: unha terreira, con pedras que fan de sentadoiro e ás vegadas de pousafoles, maiormente onde non hai poios de taboas ou ucha pra gardar os sacos de grán, que agaridan vez; a outra parte, chamada farneiro, adicase ás rodas, sendo a mais importante do muíño.

O grán bótase na moxéga (Fig. 2), graduando a caída por medio do croio e o tarelo. Os muíños que espáren moiato a farinxa precisan bomba (Fig. 3) nas beiras da moa e do pé, xuntando así o muido por unha canle que vai dar á caixa. Pra parar o muíño pode facerse baixando a moa por medio do aliviadoiro (Fig. 5), ou ben apretando a chave da auga, que baixa pol-o cubo, saíndo na saletra (Fig. 9), i-énfia pra o rodicio, emprimindolle o movemento. O rodicio encaixa na moa por medio da segurella (Figura 4) e fai os movementos más lixeiros

(1) Foron os nosos informadores Felisa Fraguas e as irmás Luisa, Xesusa, Sercilio e Xosé Fraguas.

canto máis novo e aguzado fique o *aguillón* (Figura 10). (1)

CREENCIAS ENCOL DAS BRUXAS

Recollemos en Listanco algunas notas curiosas sobre das bruxas. As xentes dan como segura a existencia das meigas e relatan os seus feitos como causa de todos coñecida. Atravesan os camiños, e viajan pol-o aire alomeando en tres ringleiras, percorrendo atopar alguén que non crêndoo na súa forza teña de acompañalas e facer can-




FIG. 2

tas cousas se lle antoxen sin que endexamáis poidan abrigar os vieiros que levaron nin que forzas os arrumbaron de unha banda pra outra.

Asin contan que unha noite fan tres amigos por un camiño e ouviron uns berros que non sabian por que banda cadraban. Decatáronse de que o feito era das bruxas e marcharon calados un bó anaco de camiño, deixa que os berros non foron ouvidos. Cando xa tiñan bó de chegar ás suas casas, un asubiu, e no intre as bruxas erguéreronse e levárono á un campo, ali preguntáronlle por onde quería camiñar aquela noite xa que tiña

de seguir os seus mandados, e tiña dous vieiros: a terra e o aire. O home escolleu ir pol-o aire e levárono ó Miño, e ali o tiveron toda a noite no meio do río. De mañan cedo trouxérono perto da casa deixando no adro de unha eirexa,

Nas perdidas xúntanse as bruxas e percurran que non atopen o perdido, tranguelando ás beiras do camiño pra que teñan medo e dubiden de seguir adiante deixa chegar ó lugar do achádegoo. Un traballador viña de terras de fora e tragüia as cousas n-un saco. Cando chegou á casa atopou o saco de menos e saíron na sua percura. Ás bandas da estrada fan tocando triquiñolas e azuzando como se levaran unha besta. O traballador encargou que non tiveran medo que senón estaban perdidos pois fan as bruxas á sua beira. Chegaron á Barbantes e atoparon o saco, entóns deixaron de ouvir as triquiñolas e o azuzamento, tornando tranquilos pra casa.

Non son somentes os camiños lugares de acougo pras meigas cando se meten con algúns que non pode ceibarse da súa carga, entran na casa e ali fan arrenegar de todo deixa conseguir afastalas da casa por medio de cousas benzoadas. Un home atopou as meigas no camiño e despois de moitos golpes entrou na casa. Canso e magoado botouse no leito e as meigas zoupárono no chán. Así ficou algúns tempo porfiando por acougar no leito sin conseguilo, deixa que lle puxeron un resario benzoado, entón as meigas fuxiron e quedou tranquilo no leito.

En coase todal-as persoas que por eiqui falan das bruxas óllase un certo medo ós feitos inquietantes da fada e do engano, pra escoentalas lembran á San Silvestre e con iso tén a seguridade de non atopar na camiñata ningúen que poida penduralos nas ponlas dos castiñeiro e das carballas ou arrastralos polos toxoeiraes en dreitura de Sevilla.

Hai quién ten visto as bruxas pol-o dia, queimando os toxos, n-un eido que hai perto das casas, e beilando ó redor do lume. Cando fan chamar pol-o dono ollaban que non ardería nin n-aquel eido, nin nos dos veciños.

Atopámonos eiqui na presencia de unha das tan carauterísticas xuntanzas das bru-

(1) Os dibuxos que ilustran este trabalho debémoslos a noso querido amigo X. Lourenzo.

xas, festa que preside o demo a quen elas se entregan pra ficar en posesión da sabencia.

O ROUBO DO MUIÑO

Un home precisaba fariña pra atender as angueiras da sua casa e foína roubar á un muiño deixando a seguinte lenda:

No muiño do vento entrei
a fame non ten lei,
ferrado e medio roubei,
así que lle veña o novo
xa aquí llo volverei.

O dono do muiño perdonou o roubo, pero non sabendo tal cousa foi á levalo e botouno nun fol cuia pelica era o demo. Cando chegou ó muiño e ia pousar, o demo, dixo:

Póusame a modiño
vai buscar o pelico
que quedou a porta do muiño.

A ESMOLA DO SAN BIEITO

Unha muller tiña unha *espulla* moi grande n-unha man e ofreceuse de dar duas pesetas a San Bieito como iste santo sandara a sua doencia. Xa fa bo de sandar e un dia levoulle as duas pesetas como esmola que ofrecera. O santo milagreiro sandouelle a *espulla* sen outras meiciñas.

Un día a muller estivo falando con unha veciña e decía.

— No os santos tamén son ben intresados. Eu ofrecinlle duas pesetas á San Bieito e deica que llas dei non me sandou a *espulla*.

Cando foi pra cama volvera a *espulla* ó mesmo sitio e debaixo da almofada atopou as duas pesetas. Da *espulla* saleulle un *cáucer* e a muller morreu.

A ENTRADA NO CEO

Fai anos morreu un home e foi petar ás portas do outro mundo. Chegou ó inferno e non lle deron paso, chegou ó purgadoiro e tampouco lle deron entrada. Canso de camiñar foi bater ás portas de Ceo e abriron a

porta. Un home de barbas mirou un grande libro.

— Pra entrar tés que vir á cabalo.

Marchou en dreitura á terra e no camiño atopou o crego da parroquia que fa pra o ceo; saudáronse e o crego perguntoulle porque tornaba á terra.

— Pois mire, vou buscar un cabalo, porque no Ceo non deixan entrar sin ir á cabalo.

— Moi ben, volvete, xa fica arranxado. Ó chegar a porta do Ceo tí poste a cabalo de min i-entramos.

Chegaron ás portas do ceo e abriron axiña. O home de barbas fitouno e dixo:

— O cabaleiro pode pasar, o cabalo que quede fora.





FIG. 3

O HABITO DO MORTO

Unha noite ia un mozo por un camiño e atopou un pantasma diante cuberto con longo hábito que lle pregou llo rompese. Arredouse despois de algunha porfia e a noite seguinte tornou á atopalo na encrucillada, tampouco quixo racharilo e cando foi de terceira vez camiñaba con uns escapularios e unha estola que lle dera o abade. Chegou xunto do pantasma e fixo un circo meténdose no meio de xeito que non quedaba ren do seu corpo para. O pantasma pregoulle que lle rachase o hábito por diante, pro o mozo rachoulo por detrás porque de racharilo por diante ia pra o inferno co morto.

DOÑA MARIQUITA

Morreu unha muller, e levou consigo o segredo dos aforros d'un irmán. Ós poucos días de morrer unha soma acompañaba o irmán da morta dándolle *grima* o mirar pra ela. Non desparecendo a soma un tío crego, dixolle fose requerir á sua irmá que quizais fora ela quen viña acompañalo á iste mundo.



FIGS. 4, 5, 6 e 7

Poi-a noite levou os brazos en crus e foi ó Campo Santo pra requerirlle. Ó pouco tempo de chegar ouviu uns pasos e viu un bando de almas que pasaban rezando. Arrimouse á unha beira e preguntou,

— E vén ahi Doña Margarita?

— Non, ven máis detrás.

Tornaron á pasar outros e fixolle a mesma pregunta, outendo somellante resposta. Despois de pasar moitos bandos chegou Doña Mariquita falándolle d'iste xeito.

— Os cartos están na trabe. Eu estou no Inferno e non puedo ver a cara á Noso Señor, pero dille ó señor tío que como non deixe de marmular e non cambie de vida ten aquí unha cama agardando por él. (1).

O irmán marchou e morreu ós tres meses, pero n-iste tempo ninguén ollou a soma que aparescía denantes.

TRABALÍNGOAS

Teño unha capa
golrada, bolrada
e repica tallada

(1) É ben colectida en toda Galicia a castiga que fai referencia á somellante dito:

Marmula marmelador
marmula de mis e de outro
no inferno hal unha cama
para descansar un pouco.

quen a golrou e bolrou
e repica tallou
non-a supo golrar e bolrar
e repica tallar;
vou chamar o bolrador golrador
que ma veña golrar e bolrar
e repica tallar millor.


—
Teño unha ovella
pelía, melía,
peluda pelada
e pol-o seu lombo
arrepempenicada
pareu os seus fillos
pellos, melios,
peludos pelados
pol-o seu nome
arrepempenicados.

CANCIOEIRO

- 1 A auga ven de tras do monte
o sol ven de tras da serra;
todo-lós males do mundo
o home os trouxo á terra.
- 2 Adiós sagrado cruceiro
campiño da miña terra,
anda de noite á ruada
o lado da miña prenda.
- 3 Anda tí cara lavada,
cara de leite mazado
levache á teu pai á forca
nunha burriña sin rabo.
- 4 Anda tí cara lavada,
cara de sardiña quente,
o dia que tu naceches
naceo toda a mala xente
- 5 Anda tí cara lavada
cara de sardiña fría
o día que tí naceches
naceo toda a p.....
- 6 Anda tí cara lavada,
cara de tuturulú,
que mataches a teu pai
c'unha dentada no cù.

- 7 Anda tí cara lavada,
cara de corno candil,
pareces o meu marráu
cando foza no cubil.
- 8 Antonio, meu lindo Antonio,
Antonio, meu lindo Antón;
ese mal non ten remedio
padeza o meu corazón.
- 9 Antonio, meu lindo Antonio
Antonio meu corazón,
tú te queixas, eu me queixó
quen dos dous terá razón?
- 10 A pitiña choca, choca
é por que ten que chocar;
a filla do labrador
tamén se quere casar.
- 11 As mocínas de Listanco
encargaron un pandeiro,
unhas á medio raaal
outras á raaal inteiro.
- 12 Ás mocínas de Listanco
por ser as más verdadeiras;
deixemoslle a roupa vella
pra vender ás farrapeiras.
- 13 As mocínas do Viñau,
pra que leven que contar,
cinco milleiros de pulgas
tén vagar de as raiar.
- 14 A túa aireiosa cintura
fina como o meu canizo,
e na cima Santo Dios,
adiós montes do feitizo.
- 15 Cala burra, cala burra
xa estou farto de te oír,
cantos burros van ós toxos
tamén tí podias ir.
- 16 Cando pasei pór Soutelo
os meus ollos eran fontes
adiós montes de Soutelo
adiós Soutelo de Montes.
- 17 Cantiguiñas deshonestas
ou as cantarei ou non,
que mas dou de penitencia
o cura na confesión

- 18 Canta moucho, canta moucho
arredor dése penedo;
anque rebougues os ollos
eu ter non che teño medo
- 19 Cántigas eu sei un cento
se as quixera cantar,
quedoome o libro na casa
e non as pudo estudiar.
- 20 Ciudá linda de Chaves
feira de vender os mollos,
non hai cousa mais alegre
que o brillo dos teus ollos.



Burro




Agullón

FIGS. 8 e 10

- 21 Con licencia entra o Santo
o seu papo ven encher,
onde hai cen galos de fame
a que pitos ven encher.
- 22 Costureirinha bonita
dame unha aguja de plata
para quitar unha espíña
do corazón que me mata.
- 23 Da banda d'álá do río
do río d'aquela banda
hai unha costureirinha
moitos recordos me manda.

- 24 Dicesmè duas navallas
en señal do teu amor,
metinas nunha gaveta
cobrironse de balor
- 25 Esta noite vai chover
que está o tempo nublado;
andan as pitiñas chocas
señal de tempo trocado.
- 26 En nombre de Deus comenzo
Padre, Fillo e Espírito Santo,
esa sea a primeira cántiga
que neste auditorio canto.
- 27 Fun à fonte buscar auga
encontreite no camiño



PIG. 9

- 6 ouvir as tuas falas
rompéuseme o cantariño.
- 28 Miña nai matou unha ovella
nin-a tentou, nin-a deixou de tentar
se non dou unha arroba de sebo
pouco lle había faltar.
- 29 Na cima do teu tellado
naceu un pé d-alecrín;
e por eso acredito
que foi obra de Xaquín.
- 30 Namorados falar baixo
que as paredes ten oídos;
os amores más secretos
son eses os mais sabidos.

- 31 O pandeiro está feito
quen nol-o ha de tocar,
a Luisiña tendeira
que é a gala do lugar.
- 32 O piollo está doente
á pulga doille a barriga
e o ladrón do coscobellos
ten a espíñela caída.
- 33 O rodo da miña saia
foi José quen mo queimou
co marrulo do cigarro
cando conmigo beilou.
- 34 Oxe é feira en San Mateo
se tu sabes mais que Dios
mais que o demo seino eu
- 35 Pasei pol-a tua porta
asenxei por un puntón;
mireiche pulgas de cuarta
piollos de cuarterón.
- 36 Se eu soubera que tí viñas
alivio dos meus pesares
tería a casa barrida
acatifada de clavos.
- 37 Se querés o desafío
ide xunto da Lagoa,
tamén o *Piteló* foi
pra se afogar cunha soga.
- 38 Se querés o desafío
pol-a punta do *cesdr* (1)
o *Piteló* e a *Pitela*
quixerónse descasar.
- 39 Se querés o desafío
se querés desafiar,
inda teño un saco cheo
outro por escomenzar.
- 40 Se tu viras o que eu ví
habías de estremecer,
unha formiga sin rabo
que me quería morder.
- 41 Subin por un adreal
e baixei por un cordón

(1) A verba *cesdr* non ten ningún outro ouxeiro que buscar a rima pra o derradeiro verso.

- enchinche a boca de m...
tapaiche cun c....
- 42 Tes a nariz pequenña
e na punta arrebitada,
quer decir que tes mal xenio
ou amor arrebatabado.
- 43 Teñio unha albardiña feita
feita de palla triga
para poñer á ese burro
nas amatas da barriga.
- 44 Teñio unha albardiña feita
feita de palla pallón,
pra lle poñer a ese burro
nas amatas do riñón.
- 45 Teñio unha albardiña feita
feita de mil perindengues,
para poñerlle á ese burro
que regaña moito os dentes.
- 46 Teñio unha herba no prado
rebenta por catro esquinás.
tamén ti has rebentar
por decir tantas mentiras.
- 47 Teñio unha herba no prado
que rebenta pol-o pé,
tamén tu vas rebentar
por decir o que non é.
- 48 Tirate d'esa ventana
chocolate por lavar;
tirate d'esa ventana
non me veñas a tentar.
- 49 Vai á m.... vai á m....
vai á m.... á Lagoa
que a ten o señor cura
gardadiña n'unha ola.

ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS.

SONO E INDIFERENCIA DAS VILAS

POR MAGARIÑOS NEGREIRA.

Si cada paisaxe, como afirma Novea Santos, ten a sua i-alma, tamén ten cada unha d-esas vilñas, que a cada instante se atopan viaxando por Galicia, lanceadas pol-as carreteras ou deitadas ó sol, á veira do mar, com o Cambados de Cabanillas. Unha i-alma complexa, parella da d-eses misántropos que acougan solitarios no penedo do seu individualismo, abatida en estremecimentos e preocupacións minúsculos e atormentada pol-as miudas traxedias do seu vivir cotián. Non latexa aniñada no espírito das xentes vilegas, senón na vila mesma, considerada como entidade. É un hálito misterioso e invisíble que vai anestesiando a sensibilidade normal, e despertando outra descoñecida, que vivia aletargada alá no curruncho mais escuro do desván do noso edificio psíquico.

A i-alma vilega, é ante todo fondamente individualista. Endexamais chega á comprender os fenómenos colectivistas e socie-

tarios tan enraizados xa nas xentes da cibade. Nas vilas e pobos pequenos, ainda quedan raros exemplos de grupos patriarcales, que debullan o seu vivir monótono, baixo a autoridade absoluta do páter familias, incongruente vestixio dos tempos clássicos romanos. O conceito anquilosado da soberania individual, enraiza na psicoloxía vilega, dendos tempos da forza e do coitelo, porque os ventos de renovación son incapaces de penetrar na sua enrarecida atmósfera. A pechada desconfianza pra todo o que sexa cambio de postura espiritual, é unha porta de cen ferrollos, protetora do seu letargo. Porque a maior parte das nosas vilas, fora algunas excepcións, durmén un pesado sono secular, empapado de indiferencia pra todo, incluso pra o seu benestar material. A cultura, a política, as lutas sociais e económicas, son campás que soan moi lonxe do seu centro de gravedade, e cuias badaladas, escorren pol-a xerfa da sua

sensibilidade, como a i-auga do mar sobor dos penedos. As preocupacións, os folgos e o interés, están cristalizados n-o programa cotián, i-envolveitos n-a opaca trascendencia doméstica.

Hastra o tempo parece tamén sumido n-o mesmo nirvana. As horas vilegas, son longas, mainas e monótonas. Camiñan perguiceiras pol-o seu trillado vieiro, sintíndose asimesmo envenenadas do vagaroso marrasmo dos homes e das cousas. De noite, o tempo faixe mais denso, mais espeso. Ás veces, queda paralizado nas ruas silandearas, deixa que unha racha de vento noctábreo, c-o seu fincón cariñento, lle fai seguir a lenta camiñata.

As vilas son museos onde acougan momificados os vellos e crásicos persoaxes de novela provinciana, en agarda perenne de quen-los queira pôr en ridículo. Vidas simples e monótonas, sin complexidades psicolóxicas, nin tósigos de literatura, que vexetan no seu burato, o marxe de noveleiras, fortemente saturados de espesa prosa doméstica.

Esa prosa doméstica, é a anestesia que insensibiliza a i-alma das vilas, facéndoa

NÓS

invulnerable ás emocións estéticas. A cor da do sentimento artístico, ten escachada a clavixa. As vilas, endexamais escoitan a sinfonía do mar e do vento, que dan o seu concerto eterno no teatro da Natureza. Nin a melodia musical e misteriosa das noites estivales. Nin a poesía que recita o pino solitario, ó son do rumoroso zoar.

A rutina do seu vivir, ensarta os días en ringleiras longas e uniformes, que van esgotándose unha tras outra, e caendo silandearamente n ese pozo sin fondo do tempo que pasa.

As vilas agonizan, no senso de Unamuno, abatindose en eternas loitas individualistas, sin causa nin bandeira, arrastradas pol-o aluvión das murmuracións, que é a única chuvia que froitifica ideias e movementos. O combate de bandos, —outro dos vellos tópicos novelísticos— é o pedestal acougador da vida ideolóxica dos pequenos núcleos.

Abesullando este triste panorama psicolóxico, sintense degaros catastróficos, e a catarata iconoclasta, arrebol-o a un, o cumé d-ese solitario e desolador picacho que se chama o pesimismo.

D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

III. BERLÍN

(Proseguimento)

A Staatsbibliothek está no Berlín imperial, qu'encomenza na Porta de Brandeburgo; e comprende, ao longo da Unter den Linden, a Universidade, o Altes Museum, o Lustgarten, a Catedral, a Opera e os Pazos dos Hohenzollern.

A Universidade cos seus dous jardis d'herba verde e as estautas sedentes d'Alexandre e máis Guillerme de Humboldt; as columnas e os escadoiros rigurosamente clásicos do Altes Museum, o grande e escuro Schloss, co moimento do embarcadero por frente; a Catedral co-a sua imensa cúpula

de bronze verde, aquí é o Berlín grandioso, d'un clasicismo grandote, imponente de proporcións. Proporcións imperiás. O moimento ten catro enormismos leóns feitos atergo pra esmagar ao contemplador co seu gran dor gigante. Sen dúbida foi aquí un recurso teatral, mais apesar d'iso serio, real e positivo; bambolla, mas non valeira, senón maciza; bambolla con corpo e con masa. Precrouse co-elo causar unha impresión de grandeza, coscente e sabiamente calculada, mais realizaron a idea a poder de toneladas de pedra e de bronze. Non somentes o moi-

mento: todos istes edifizos están cheos de soberbia; mais é unha soberbia ben fundada; indica unha confianza e unha seguranza indestructíbeis no poder, e esta seguranza ainda impón mais arrestora, cand' esta dinastía de ferro viuse abaixo, e cando Guillermo II vive na Holanda o seu esilio.

Eu coido qu'o valor simbólico d'estas pedras case faraónicas, de ríspeta suntuosidade, ganou co-a República. Non creio que haxa nada tan rigurosamente imperial, e a perduranza perenne da obra atrás da caída do poder qu'a ergueu, fai aquil poder mais dino de respeito.

Eu cheguei un instante, por frente a istes edifizos, a sentir o que endejamais sintira: a grandeza do Imperio.

Pra miñ, todo poder desmesurado, todo Imperio, é por natureza esmagador da vida, asoballador e petrificante. D'iste xeito pensei eu sempre. Mais agora, diante d'istes edifizos, comprendín de súpito a justificación do soñio imperialista dos Hohenzollern. Deprendín a ademiral-o poder que permite construir cousas de proporcións imperiales, destinadas á eternidade, o poder dos grandes emprendimentos. Decateime de qu'os Hohenzollern deixaron atrás de si unha herencia de gran estilo, da que vive a Alemaña de hoxe.

Todo se justifica n'iste mundo, igual o pro que o contra; já se sabe que pra todo hai razões. Mais ten qu'haber unha hierarquía nas razões. O caso é comprender.

E agora, comprendín outra cousa: a sugestión de toda obra imperial sobr'o home das postimerias. O qual esprixa moitas cousas, dend'a vulgar afeizón a T. S. F. á S. das N., as parvadas de Mr. Wells, Pan-Europa e o bolchevismo, todo o delirio colectivo de grandezas que pón en ridículo ao home moderno.

Os Hohenzollern, singelos, aforrós, traballadores, co seu levitón e co seu helmo chato con pica, non semellan, dende longe, uns monarcas moi respeitosos; non son reis de baraxa. E mais se cadra, por baixo da leenda, Calromagno foi coma iles, no seu tempo. E ainda hai unha verdadeira grandeza n'iste mesmo feito de s'envolveren na capa gris da modernidade, istes soberáns prusianos.

Iles foron os primeiros en sometérense á disciplina militar que quixeron impôr aos seus pobos, e qu'impuxeron dende logo a unha nobreza que semella criada na caserna.

D'esta nobreza tamén compre falar. Naméntras n'outros lados — especialmente na España — a nobreza semella ser pra todos, e ainda tamén pra si mesma, un resto decorativo do pasado, eiqui non. Eiqui a nobreza tiña un senso craristmo do porvir; considerábase ainda capás de formar iste porvir en servizo da Pátria, e tiña un sentimento natural do deber e do sacrificio. A cencia, os inventos, a engenieiría, mais principalmente a disciplina militar, era pra ela, adaptada aos tempos, o substitutivo moderno da antiga disciplina moral do cabaleiro. A nobreza é sempre a nobreza. Observai que as clases sociais que hoxe teñen o poder no mundo, a clás capitalista e a clás obreira, non teñen conciben mais qu'ideás e intereses de clás e son incapaces d'ergueren porriba d'ises ideás e d'ises intereses; son clás egoistas, materialistas, que viven, pensan e sinten rente ao chao. En troques a antiga clás señorial, a nobreza, onde non está degenerada, ten ainda hoxe un ideal colectivo superior, que non é d'ela, senón da comunidade, e ainda é capás d'ir por el ao sacrificio anque seña dos seus propios intereses. E tamén a clás meia, sen ter un ideal colectivo comün, acolle e sirve con desprendimento, ideás que non son os sugeridos pola sua comenencia. Mais é qu'a clás meia foi en case todos lados criada na imitanza da conduta señorial e nobre.

S'a guerra afundiu n'Alemaña a esta nobreza na orde social e politica, non logrou destronala na orde dos valores. Iles agardan, e s'a disciplina iles conserva a pacencia pra deixaren pasal-a onda do tempo, iles han volver.

TIERGARTEN

Un dia a mafía, fun levar a miña *Anmeldungs* á Policia, e despois de jantar, fun co Armesto precurar ao Dr. Varela Santos, e coil a un café do Tiergarten.

O Tiergarten é unha gran froesta nórdica posta no medio do Gross Berlin. Ten o

vello Berlin ao Leste, Moabit ao Norte, Charlottenburg a Oeste, e Schöneberg ao Sul. Hai n'il lagos, pazos e jardis percórre-no camiños e regueiros. Unha gran parte d'il ten unha igual monotonia de parque inglés, con grandes cadros d'herba e grandes arbres, e retortos camiños d'area, con bancos de cando en cando. Outras veces, aparez civilizado de mais, cos seus vieiros pra ciclistas e ginetas. Outras atopa un n'il a cursileiria das pontes rústicas de sobreiro, casetillas e ruiñas artificiais. Hai partes neoclásicas e helenizantes, con mármores e rosas; hai outras nas que se precurrou coor exótica. Acugularon eiqui todal-as cousas precisas pra contentar aos curazós sensíbeles dos amigos da Natureza. Puñéronlle a Natureza na man, ben adubadíña, ben limpiña, lavada e planchada, desenfeitada e aséptica, pra que, sen medo a microbios nen danosas alimarias, sen costas nen fatigas, sen coyos nen trollo nos camiños, se poidan vir comover tranquilamente cando cán as follas marelás e murchas da outonada. Coma simbolo naturista e romántico, ali está n'un dos lagos a J. J. Rousseau Insel, ond'os sentimentais poden ir acaríñal-a lembranza do derradeiro bucólico.

E mais así e todo, no Tiergarten trunfa a paisage do Brandeburgo, já románteco e doce de seu, cos seus chorós que molian nos lagos o seu tristeiro follax. É ben prusiano, con todo, isto.

Tiergarten, cruzado de E a W pol-a soberba Charlottenburger Chaussee, que leva da porta de Brandeburgo ao cabo do Parque, coma é imperial a Sieges Allee, qu'a cruza, flanquexada dos moimentos en mármore de todol-os Hohenzollern, ali figurados de corpo inteiro, dend'os corpos vestidos de mallas de ferro dos primeiros Margraves, aos de bismarckiano uniforme dos imperadores. Un banco à grega, en semicírculo, atrás de cada un, ergue os bustos dos persoages principais do seu reinado. Un curso d'historia da Prusia decorando unha avenida Le Notre.

Sentámonos n'un café á veira d'un lago. Nas mesas, amparadas por listados parasoles, e cobertas de grosos manteis de dibuxos, había pouca gente. Baixo da baranda

de pau, o lago, cheo de parrulos e de barcas d'aluguer, estafaba as suas augas mortas, escuras de soma e de verdin. A paisage decadente de ferraya e chorós pasmaba na calor do sol calado e vagaroso.

O Dr. Varela Santos falounos d'un novo invento que dá grima. Tratábase d'un novo procedemento pra curtos de vista, de porilles en lugar d'antiparras, cristais incrustados na córnea. Estivo já onda dous doutores pra qu'o adeprenderan a facelo, e os dous lle dixeran qu'ainda non estaban ben impostos no choyo. Cústame traballo creer qu'haxa un home coa coraxe d'abondo pra permitir que lle fagan nos ollos semellante herecía. En troques, ao Dr. Varela Santos parécelle moi ben.

Iste Dr. Varela Santos é tan galego, tan galego, que ata fala castelán conosco.

Antusiasta de Berlin, antusiasta d'Alemania. É tamén dos qu'eiqui louban todo a cito, sen faguer difrenza no bó e no ruin. Todo pra il é dino da mais outa estimanza. Tamén lle dá pol-o comunismo: di que é o estado perfeito do home... Eu chego a matinar se non estará sugestionado pol-o Armesto; mais logo decateime de que é andacio en moitos hespañoles qu'eiqui vellen: pican todos no cibo. Ja o dia anterior discutiran no café —eu calado— o Armesto, e mais o Dr. Varela Santos, co engíñeiro Buceta, o Sr. Adulce, de Valladoli, que vive en Berlin, e o Sr. Carrete de Sant-Iago. Estiveron flando de Rusia, uns a qu'estaba moi ben, outros a qu'estaba moi mal, o que se saca en limpo é que cada un julga asegún as suas ideias, que cada un escolle e pon en relevo os feitos qu'arriostran a sua tése.

A do Armesto n-iste serán de sol no Tiergarten, é que hai que suprimir a moral. A moral sexual, por exemplo, —di il— já desapareceu da sociedade alemáa, e vivese tan ben, millor que enantes. Iste novo conceito da relación dos sexos e do pudor da muller non é un síntoma de decadencia, nen moiño menos, senón de qu'eiqui s'encomenza unha nova concepción do mundo.

Eu reprocille que non hai tal cousa, qu'o qu'eiqui se quer é darlle gusto ao corpo e nada mais. Din —todos a unha— que eiqui, o problema sexual, que eisiste ainda na

Hespánia, está resolto. Tan resolto, qu'os mesmos que tal me din, refiren casos de señores que lle precurrou un amiguinho á sua dona pra qu'a divirta; asifia, a dona, ben satisfeita sexualmente, goza da tranquilanza e igualdá d'âmimo precisa pra qu'a vida do fogar poida correr leda e mansamente. Asegún isto, a cornucopia, qu'asegún istes señores, semella ser geral, é unha sorte de sacrificio que se fai en honra da paz do fogar e da conservación da familia. E nen tan xiquera é un sacrificio, por qu'estas cousas non teñen importancia, son cousa naturalísima.

Non está mal; é unha teoría coma outra calquera. O que non poden deixar de convir comigo é en qu'isto representa un relajamento de todolos vencellos; en qu'esta gente quer ser libre pra poderen satisfacer todolos istintos. Efectivamente, conveñen n'elo, din qu'os istintos deben gozar de completa liberdade, qu'esta é a nova moral. Ben, digo eu; mais entón, eu tiro a secuencia seguinte: a moral nova deixa todolos istintos en liberdade; entón, porque impón o traballo com'un deber. ¿Porqué dí qu'o que non traballa que non coma? Pois eu digo que s'os instintos deben ter satisfaición, tamén o da vagancia é un istinto, con derecho a satisfacelo. D'aquela, tamén os vagos teñen derecho á protección legal; a lei debe *abrir cauces normales* á vagancia.

A min isto repéleme; eu me non podería afacer a iste mundo. E por outra banda, esta non é a Alemaña romántica dos nosos soños, embora na Alemaña romántica se botaran as bases d'isto.

Isto é o socialismo, a ideia da igualdade.

Imos ver:

O romantismo, n-efeito, choutaba por riba de moitos valados, e n-isto do amor, puña a paixón por riba da moral tradizional e dos costumes admitidos. Mais a diferenza é ben grande. En primeiro termo, aquello era a paixón —romantismo— e agora non é iso: agora mais ben trátase de suprimir todo estado paixonal, que se considera morboso, produto da contención sexual. Agora reina a friage; trátase do sexo escrusivamente: materialismo, ou seña marxismo. Quérese qu'o acto sexual se reduza a un acto fisioló-

gico sen importancia, com'a micción, polo por caso —é comparanza dos meus istrutores n-iste asunto. Non comprendo ben co-mistes materialistas s'estreven d'iste gelo a matar un pracer reputado com'o meirande qu'o home ten no mundo. Ceccais ha ser por qu'unha das misions, coscentes ou non, —e isto heino tratar outra vez mais a modo— qu'o marxismo trouxo, é a d'entrister cel-a vida.

Por outra banda, aquello do romantismo era, ao fin e ao cabo, un privilegio do home superior—mais que fora da paixón mesma, anque se tratase de que só o home superior é capás de certas paixós. Ben istrutivas son, a iste respecto, as verbas de Tullio Hermil en *L'Innocente* de d'Annunzio: «essendo io diverso dagli altri ed avendo un diverso concetto della vita, posso giustamente sottrarmi ai doveri che gli altri vorrebbero impormi, posso giustamente disprezzare l'opinione altrui e vivere nella assoluta sincerità della mia natura eletta.» Mais agora se non trata já de naturezas eleitas, senón qu'ises dereitos qu'renselle dar a todos; quérese a igualdade tamén no espiritual, onde por más voltas que lle dean, non pode haber igualdade. Enantes era outra causa: a ideia que ll'apofren a Julio II ou a Clemente VII, de que homes úneos na sua arte, coma Benvenuto Cellini, están por riba das leis humanas, é sen dúbida perigosa, mais é social e humanamente justa. Non hai n-ela trasgresión moral grave: o home superior ten, n-iste mundo, diante dos homes, derecho a pecar; mal-o pecado, antes e depois, sigue sendo pecado. Agora, non; agora os calqueras pretendentes os mesmos dereitos qu'os grandes homes, sen ofrecerem en troques unha obra dina do perdón. O grande home do pasado, podería non recoger aos demás homes o derecho de pedirlle conta dos seus pecados, mais sabía que lla tiña que dar a Deus. Agora, todo Ninguén que vai pra Ningures, ten derecho a todo, e, incapaz de toda ideia un pouco fonda; incapaz de concebir nada difizile, descoñece o pecado e ignora a Deus. E pecha friamente, sen paixón, socialdemocráticamente.

E ainda, ollando a cousa por outro lado, non verán qu'isto é unha regresión, non

digo já á estados humáns tidos por inferiores — a horda promiscua primitiva de certos etnólogos e sociólogos — senón á estados d'animalidade? Non ven nada.

E o mundo podrece debaixo d'unha éla de desenfeição e de perfumes. A fin non pode andar longe.

Pol-o d'agora, ainda non chegaron os berlineses á estrema perfección freudiano-marxista; o vezo sexual ainda lles tira, e d'iste xeito, moitos recantos sombrosos do Tiergarten son, na linda hora do lusco-fusco, o bosque sagrado de Paphos. As pareixías en silencio, arreconchegadas, contendo o alento, ali fican quedas nos bancos do paseo, e o camiñante respeitoso apreta o paso, procurando que non renxa a area, e perdendo a ollada nas outas polas, namentres o ventiño da noite leva ao alén os baños tépedos dos mudos salayos...

Poético Tiergarten! Doce e femenina paisaxe romántica d'augas estafadas e silenciosas riamagens! Enternecedor portento d'urbanización e pericia municipal!

EN PRECURA D'UN MESTRE

Eu debía, asegún os consellos recibidos, traballar na Universidade co Profesor Thurnwald. Pra elo, cumpría mirar os cursos que tiña o Profesor Thurnwald, presentarse á il, etc. Pra velos cursos do Profesor Thurnwald, había que consultar o *Verzeichnis der Vorlesungen* da Universidade. O *Verzeichnis der Vorlesungen*, ou táboa das leíciós, é o anuncio de todolos cursos, conferencias e conversas de todalas sezóns, e Seminarios de todalas Facultades, que se publica nun volume pra cada semestre. Ora, o tal *Verzeichnis der Vorlesungen* do semestre do vrou estaba esgotado. Todalas persoas á quien preguntei, dixéronme que lle preguntara á outro.

Nisto, o Canedo tróuxome un recado de Margot Sponer. Todolos galegos coñecen já á Margot Sponer, que traballa no Romanisches Seminar, estuda o galego e colaborou en NÓS. Eu debía agardar á Margot Sponer ás sete do serán, na porta da aula núm. 100 da Universidade. Ali, Margot Sponer daba un curso de castelán. Fun. Deron as sete.

NÓS

abriuse a porta, surtiron rapazas e rapaces co-as suas carteiras, e por fin surteu Margot Sponer en compañía d'un rapaz chileno,

Viña moi leda e rideira, c'un vestido azul d'ises de pelerina. Saudámonos, riu, falou, perguntou por todolos galegos coñecidos, e, volta providenza miña, sen parar de falar, arrancou n-un pulo comigo e co chileno, baixamos correndo as escaleiras, surtimos á Unter den Linden, cruzamos valerosamente a Friedrich Platz, nadando a miña vista n-aquil lago d'asfalto coallado, fugindo dos autos que viñan disparados, correndo ela máis qu'a nós, metimmonos por alá atrás, fumos dar á Schloss Platz, e por fin á Breites-trasse, ond'ela vive n-un antigo edifizo imperial. Gran páteo cheo de trastos vellos, escaleiras pr'eiquí e pr'acolá, tránsitos escuros, e por fin, a sua vivenda. Unha enorme cámara chea de libros, de mobles, pois qu'an-daba de mudanza. Meteuse nun carto co-a modista, qu'a estaba agardando. Despois amostroume o seu traballo en col do galego, já posto á máquina, pr'a que mandou fazer tipos fonéticos especiais.

Despois turrou por mim de novo, e fumos corriendo ao Romanisches Seminar; despois ao Germanisches, logo á Segredaria, por fin á unha oficina, todo sen coller folgo. De todos cantos preguntamos, ninguén sabía nada do Profesor Thurnwald. Por fin apareceu o *Verzeichnis der Vorlesungen*, mais ali non anunciaba ningún curso do Profesor Thurnwald, e por suposto, non había nada que se relacioara con *Volkskunde*. Houbo que andar outra vez á precura de novas, e como Margot Sponer é un trono, non paramos deixa non atopar un señor que nos noticiou de qu'o Profesor Thurnwald marchara pra Africa, e que non había tampoco curso ningún no qu'un poidera deprender cousa de *Volkskunde*. Estábache boa a navalla! E pra isto viñen eu á Berlin, precisamente n-esta oportunidade, cando Thurnwald marchou....

Margot Sponer non se deixa vencer. Ficamos apalabrados pra mañá ás dez, na porta da Universidade. Eu fun matinando pr'a casa no qu'había facer. Se non tiña un especialista que me guiará, atopábamme en Berlin reducido á ler libros; libros, crar'es-

tá, que non teño n'Ourense, mais os catro meses de que dispón non son tempo d'abondo pra moi lo lér. Qu'iba eu facer? Marchar pra Hamburgo, en precura de Krüger? Procurar o paradeiro de Fröbenius ou dalgún seu discípulo? Ir ver ao P. Schmidt á Viena?

Pra o outro dia, ás dez, atopei á Dr. Spöner na porta da Universidade. E volta á correr d'equí pr'alá, subir e baixar escaleiras, ela diante e eu atrás d'ela sen alento e sen resultado. Somentes nos deron o nome d'un discípulo de Thurnwald, á quem iste deixá encargado das suas cousas, D'aquela levoume ao Romanisches Seminar, ali por frente, no antigo pazo do Kronprinz. Anduvemos moitas salas con libros e grandes mesas. Todolos Seminarios son o mesmo. Estantes e mobles pintados de negro, e moi libro. Algunha gente traballando. Entramos n'unha sala grande. Ela entrou falar co Profesor Gamillscheg, director do Seminario. Fixose anunciar e desapareceu por unha portiña que pecharon atrás d'ela. Eu fiquei curioseando polos lombos dos libros. Fun vendo a sezón portuguesa.

Entón chamáronme. Entrei, e o Profesor Gamillscheg, home ainda novo, de tipo fino, elegante e simpático, saudoume, fixome sentar e deume un pito. Faloume nalemán, e eu comprendino á medias. Así que me sentei e alcendin o pito, espriquecime, e o Profesor Gamillscheg, entón, falándome adispacio pra que o comprendera ben, pedíume as señas da miña casa, e oferceume unha carta pra o Profesor Hübner do Germanisches Seminar, onde, se cadra, ocuparianse das cousas que m'intresaban. Eu surtin encantado do Profesor Gamillscheg, e Margot Spöner levoume entón ao Germanisches Seminar, onde me presentou á unha señorita Assistentin, que semellaba unha hespañola da Istitución Libre d'Enseñanza, e que coma detalle curioso n'Alemaña, saudaba sen dal-a man. Quedamos en qu'esta señorita habíame presentar ao Profesor Solger, pra poder asistir á unhas conversas relacioadas coa *Heimat*, a Pátrexa, e foi a primeira vez qu'advertin o fondo sinificado patriótico que oficialmente dan ao folklore n'Alemaña. De camiño; déronme istrucções pra visitar ao Profesor Hübner.

Chegado o dia, eu ainda non tifia a carta de Gamillscheg, e desanimado, já pensaba facer outra cousa, coller outro camiño calquera, cando pra o outro dia á mañá, cando m'estaba vestindo, chegou o carteiro coa carta. Entón, vestinme un pouco millor qu'os outros dias, e alá fun c'un fatelo negro e botinas de charol.

Tardei en atopar o sitio, perdido por tránsitos, escaleiras, gardarroupas, patamares, portas d'*Auditorium*, *Lesesaale*, Seminarios fatos de *Commilitonen* agardando ou falando, etc. Por fin, un commiliton á quem falei, levoume. Chamei á unha porta, surtiu unha dona e meteu-me por unha porta de cristais n-un sitio raro, comenzo d'un longo pasillo estraviado, ond'había unhas coma perchas e cadeas e palomillas eléctricas e o demo, e un letreiro anunciando *Gefahr*. Dian-te do despacho do Profesor Hübner, había tres individuos agardando. Longo tempo. Foron pasando. Dian-te de min pasou un rapaz con paquetes e unha carta. Tocoume a vez. Me non lembro do qu'había no despacho; só sei qu'era cómodo e ben posto.

O Profesor Hübner, moi fino, non moi alto c'unha migra de calva e bigote moi rapadiño, escorreito de vestimenta, fixome sentar, colleu a carta, que por certo iba pechada, abriuna, e emprincipiamos á falar.

Chegado equí, debo dicir como recibe no seu despacho un alemán de certa categoría, á un visitante desconecido. Erguese pra saudar, e manda sentar ao visitante. Il fica de cote sentado á mesa na sua cadeira; a cadeira do visitante está de cote achegada á un dos cabos da mesa, e dando frente á do señor á quem un visita. A usanza non ten excepción.

O Prof. Hübner díxome que m'endereitara mal, qu'il non traballaba mais que no idioma, que non había en Berlin quen ensinara folklore, nen había enseñio regular d'elo en toda Alemaña; houbo outrora un Professor, me non lembro do nome que me dixo, mais de qu'aquil Sr. morreu, anque pareza mintira, non quedou quen o continuara... Cecais en Hamburgo... Non embargante, eu debera ir á *Sammlung Für deutsche Volkskunde*, qu'está en Brüderstrasse, 13, e procurar ali ao Dr. Hahn. Surtiu moi agrade-

cido anque desanimado de Berlin pra os meus estudos.

Conque, aquela tarde despois de jantar, fui buscar a Sammlung, a Brüderstr. Rúa vella, tristeira e solitaria. No número 13, había unha placa qu'anunciaba o Lessing Museum. Aquil non debía ser. Rubin e preguntei: non, era o Lessing Museum, museu en honra e lembranza de Lessing, mais non era a Sammlung, nen ninguén sabía d'ela. Volví baixar, e fui leendo e soletrando todos e cada un dos letreiros qu'había a un lado e ao outro da porta, e nada. Baixei toda a rúa, pol-a mesma acera, e fui leendo, porta por porta, todolos letreiros. A Sammlung non estaba anunciada en ningures. Entón rubín pol-a outra acera repetindo a mesma angueira, e tampouco había sinal da Sammlung. Ainda voltei á porta do Lessing Museum e releía de novo os letreiros. Ainda preguntei en duas tendas e n'unha sorte de portería. Ningún sabía nada. Non collía, dúbida, o Prof. Hübner dérame o enderezo trabucado.

N'aquela perdiñ a tarde, e volví pra casa, tan desanimado que ja nen fun ver ao discípulo de Thurnwald, nen ao Prof. Solger, seguro de que m'había pasar o mesmo.

Eu tiña unha pequena guía de Berlin que me dera o Tobio; ali viñan indicados todolos Museus, mais tampouco aparecía a Sammlung Für deutsche Volkskunde... Por fin, d'ali a algúns días, merquei un *Pharus-Plan*, e ali apareceu; non era Brüderstr, 13, senón Klosterstr, 32.

E fun alá. E o pírmeiro día non fixen más que ver as coleizós. E o segundo dia, preguntei pol-o Dr. Hahn... Ainda isto: o Doc-

tor Hahn enfermara e estaba en feiras fora de Berlin, e non voltaría deica o mes de Setembre... Estaba visto, non tiña sorte ningunha... Entón o porteiro, gordo, outo, bondoso, enorme, dixome:

—Se quer falar co Asistente, o Doctor Bramm...

—Pois non hei querer!—dixen eu agarrándome a aquela espranza.

O Dr. Bramm, un rapaz moi inteligente e moi bó, de tipo expresivo e cabelo branco, sirveume de moito: amostroume e exprioume o museu, puxo ao meu dispón a biblioteca, comunicoume co Prof. Bolte e co Doctor Boehm, e por il coñecín ademais os traballois do *Atlas der deutsche Volkskunde*.

Logo me decatei de que n'Alemaña, Etnología e Folklore non andan com'antre nós case confundidos, senón qu'están rigurosamente diferenciados en compartimentos arredados.

Ainda precurei mais: no Museum für Völkerkunde, falei con varios señores que me mandaron sucesivamente un ao outro, d'Herodes pra Pilatos, ata que fun dar c'un arqueólogo, na Seizón de Prehistoria, que por certo ostentaba no seu nome a fidalga particular *von*. E coma fidalgo se portou tamén. Home expansivo e ben criado coma poucos, tivemos unha longa conversa. Confirmoume as notizas qu'eu recollera, e aconselloume que me fora pra Viena; ali si, hai enseñío de folklore, que dá o Prof. Haberlandt, fillo do etnólogo do mesmo nome, e de quen me deu as señas, asegurándome qu'obtería millor resultado ali qu'eiqui e mais en Hamburgo.

Mais istos ja son asuntos técnicos.

(Continuárse).





SANTA CECILIA DA SOIDADE

POR R. CARBALLO CALERO.

Eu te penso señora de unha
terra non descuberta ainda.
Terra iflorada e insospeitada
do home de pranta inquisitiva.
Doncela das virxes soídas,
pegureira de melodías,
gobernadora do silencio,
raíña das touzas esquivas,
fada do bosque tropical,
n-un xesto ausente escoitarías
cantar o coro dos paxaros
sobre a túa fronte pensativa
que ficaría como de unha
coroa musical cinxida.
Pairara un feijizo no ar
da mesta selva primitiva.
Arume de cousas lonxanas.
Recendo de edades antigas.
Preto de tí, mansos, os leóns
familiarmente xuntarian
a túa melena de ouro
a súa melena de cinza.

As volvoretas nos teus fros
charreteiras foran polícromas,
As túas olladas cabaleiras
sobre as libélulas irían.
Na hamaca do vento soán
a túa voz abalaría.
Descería como un arcanxo
hastra o teu colo o ave-lira.
Aloumiflindo o seu prumaxe
a túa man esmaecería.
E ó compás priguizado e dondo
da túa carexa fuxitiva,
ó ser pulsada da túa man
con voz de rosa cantaría.
Tanjendō estormento de pruma,
a verde mirada esquecida
n-un fantástico arrobamento,
a túa aititude lembraría,
tan musical e celestial,
o xesto de Santa Cecilia.
Santa Cecilia da Soídale
a tanxer unha lira tiva.



Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

NOVAS CÁNTIGAS E TRIADAS DA PARROQUIA DE PARADELA, NA TERRA DA ULLA (1)

Se tí me quixeras ben
da rai do corazón
viñerasme ver, viñeras,
que as noites ben grandes son.

Quedaches de vir a unha
fai duas que aquí estou,
pensas que non é pecado
enganar quen esperou.

Debaixo da oliveira
non vai frío nin orballo.
Meniña, si has de ser miña
non me deas mais traballo.

Tefio muíño e moe fariña,
tefio forno e coce pan,
tefio unha muller bonita
xa estou feito un capitán.

Traballo é ser casada,
traballo é non-o ser,
traballo é tel-os fillos,
traballo é non-os ter.

Adiós, vista dos meus ollos,
espello do meu mirar;
pésame dos teus traballos,
non-os podo remediar.

Olvidarte a tí por outro
non-o consinte meu peito,
olvidar a outros por tí
eso xa o teño feito.

María, paloma miña,
irmán do meu corazón,
serafín do meu alvidro,
morte da miña pasión.

Quérote ben, non hai duda:
enterrarémonos ambos
n-unha mesma sepultura.

Todo se me dá na mán
senón a sacha do millo
e mais a sega do pan.

Déixate andar e veremos;
o mundo da moitas voltas
nós tamén así faremos.

Séntate aquí n-esta pedra:
ou has de casar conmigo
ou has de largar a terra.

Somos de los liberales,
somos unos para otros
compañeritos leales. (2)

Hoxe aquí e mañán na feira,
para míñ non ha de faltar
unha vida pasaxeira.

Meu corazón, por onde andas
non hai tinta nin papel
cando me cartas non mandas.

Canta, miña prima, canta,
¡No adro de Paradela
non entra mellor gargantal!

(Recitou Xosefa Neira, de máis de sesenta anos).

POR F. BOUZA-BREY.

(1) Véxase o «Arquivo Filolóxico i-Etnográfico» de número 90 de esta revista.

(2) É castelán, más adaptada como triada a música do país.



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
PASTILLA



**O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro**

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QUOS DE PLUMA E LIMPA MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todol os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura
Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Diretores ou o Médico interno

FOTOGRABADO

Si quer quos seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle enyialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO